

Co obxecto de dar cumprimento ao **punto 2 da Convocatoria de Prazas de Aloxamento no Servizo Universitario de Residencias (SUR) da USC para o curso 2009-2010**, esta Vicerreitoría resolve:

1. Asignar as cotas aos/ás residentes e colexiais do Sur de acordo cos intervalos económicos dentro dos que queda encadrada cada unha delas.

TIPO COTA	RENDA PERSOAL DISPONIBLE (RPD)
A	Ata 2.500 €
B	Entre 2.500,01 € e 3.800 €
C	Entre 3.800,01 € e 5.050 €
D	Entre 5.050,01 e 6.500 €
E	Entre 6.500, 01 e 8.999,99 €
F	RPD iguais ou superiores a 9.000 €

2. Dar de prazo ata o día **11 de novembro de 2009** para poder reclamar as cotas adxudicadas, reclamación que terá que ser motivada. Finalizado este prazo non se terán en conta novas reclamacións ou alegacións. A Comisión de Garantías, de acordo co artigo 14 do Regulamento do SUR, será a encargada de resolvelas.

3. O Persoal Docente e Investigador (PDI), o Persoal de Administración e Servizos (PAS), e o estudiantado de Posgraos propios, poderán obter as cotas E ou F segundo a súa RPD

4. (*) De acordo co **punto 6 da Convocatoria** o estudiantado que aparece cun (*) deberá **aportar información fidedigna sobre a situación económica de renda da súa unidade familiar** (certificado resumo da declaración anual de IRPF ou certificado de imputacións do ano 2008, dos membros ou do membro computable do que falte información fiscal), xa que o Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado non puido obter eses datos para adxudicar as cotas que deben aboar polo aloxamento, ben por existir dificultades técnicas na súa cesión por parte das Administracións Tributarias, ben por non existir eses datos.

O prazo para presentar os documentos na

Sección de Servizos á Comunidade Universitaria
Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado
Pavillón Estudantil, 1º andar - Campus Universitario SUR
Santiago de Compostela

é ata o día **11 de novembro de 2009** e, de non facelo, adxudicaráselles a cota F.

5. Autorizar a que o importe do aloxamento dos meses de outubro e novembro poida abonarse ao longo do mes de novembro e recordar, de acordo co punto 17.3, que a partir do mes de decembro os/as residentes e colexiais **deberán abonar nos 6 primeiros días de cada mes as cotas adxudicadas.**

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2009

**O VICERREITOR DE COMUNIDADE UNIVERSITARIA
E COMPROMISO SOCIAL**

(P.D., R.R. de 31 de xullo de 2007)




José Manuel Mayán Santos

Sres./Sras. Directores/as dos Colexios Maiores e Residencias Universitarias
Sres./Sras. Xefes de Administración dos Colexios Maiores e Residencias Universitarias
Taboleiros de anuncios dos Colexios e Residencias Universitarias